

Formación Profesional Básica Desenvolvemento da LOMCE

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional
e Innovación Educativa

www.edu.xunta.es/fp



**FORMACIÓN
PROFESIONAL**

Formación profesional básica

Desenvolvemento da LOMCE

- Obxectivos:
 - Primeira xornada.
 - Analizar a estrutura do sistema educativo ao abeiro da LOMCE.
 - Analizar e interpretar a normativa de FP básica en Galicia.
 - Segunda xornada.
 - Estrutura dos títulos de FP básica.
 - Iniciación á elaboración de programacións na FP básica.

LOMCE

Estrutura do sistema educativo

Leis de educación

Formación profesional

- Lei Orgánica **8/1985**, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei Orgánica **5/2002**, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei Orgánica **2/2006**, do 3 de maio, de educación.
- Lei **2/2011**, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- Lei Orgánica **4/2011**, do 11 de marzo, complementaria da lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, 2/2006,
- Lei Orgánica **8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Obxectivos que persegue a reforma LOMCE

- **Reducir** a taxa de abandono temperán da educación.
- **Mellorar** os resultados educativos de acordo con criterios internacionais nas taxas:
 - Comparativa de alumnos e alumnas excelentes.
 - De titulados en educación secundaria obrigatoria.
- **Mellorar** a empregabilidade.
- **Estimular** o espírito emprendedor dos/das estudantes.

Principios LOMCE

- **Aumento** da autonomía de centros.
- **Reforzo** da capacidade de xestión da dirección dos centros.
- **Avaliacións** externas de fin de etapa.
- **Racionalización** da oferta educativa.
- **Flexibilización** das traxectorias.


Principais modificacións. ESO

LOMCE

- **Dous ciclos:**
 - Primeiro ciclo: 1º, 2º e 3º.
 - Segundo ciclo: 4º. Terá carácter propedéutico.
- **Avaliación final**, para obter o título.
 - Opcións:
 - Ensinanzas académicas.
 - Ensinanzas profesionais.
 - O alumnado:
 - Poderase presentar a calquera (ou ás dúas) das opcións, con independencia da opción cursada, sen límite.
 - Terá todas as materias superadas, ou dúas materias non superadas distintas de lingua ou matemáticas.
 - Dúas convocatorias anuais.
 - Común para todo o territorio nacional.

16

12



Principais modificacións. ESO

LOMCE

- **Título** de graduado en ESO.
 - Puntuación superior a 5:
 - Na ESO e na avaliación final.
 - Cualificación final:
 - 70 % media das cualificacións das materias cursadas.
 - 30 % nota da proba.
 - No caso que supere a avaliación polas dúas opcións.
 - A cualificación final será a máis alta.
- Alumnado que **non supere a a avaliación**.
 - As administración poderán establecer mediadas de atención personalizadas dirixidas a este colectivo.


Principais modificacións. ESO

LOMCE

- Programas de **mellora do aprendizaxe e do rendemento**.
 - Dirixidos a alumnado con dificultades salientables de aprendizaxe.
 - Non imputables a falta de estudo ou esforzo.
 - **Metodoloxía** específica: organización de contidos, materias diferentes...
 - **Niveis** con estes programas: 2º e 3º.
 - **Alumnado** que teña repetido un curso en calquera etapa e que non estea en condicións de ser promovido de 1º a 2º, ou de 2º a 3º e, excepcionalmente, de 3º a 4º.

Principais modificacións. Bacharelato LOMCE

- **Avaliación final**, para obter o título.
 - Cumprirá ter superadas todas as materias.
 - Poderase presentar a sucesivas convocatorias.
- **Título de bacharel**.
 - Puntuación superior a 5:
 - No bacharelato e na proba.
 - Cualificación final:
 - 60 % nota de bacharelato.
 - 40 % nota da proba.



Principais modificacións na FP

LOMCE

- **Introduce o artigo 3.10 na LOE.**
 - **Crea os ciclos** de formación profesional básica.
 - **Oferta obrigatoria** e carácter gratuíto.
 - Non é unha ensinanza obrigatoria.
 - Non forma parte:
 - Da educación básica: primaria e secundaria.
 - Da ensinanza secundaria:
 - » Obrigatoria: ESO.
 - » Postobrigatoria: bacharelato, graos medios de FP, artes plásticas e deseño, e ensINANZAS deportivas.

Principais modificacións na FP

LOMCE

- **Modifica o artigo 39.4 da LOE.**
 - A formación profesional do sistema educativo abrangue os ciclos de **formación profesional básica**, de grao medio e de grao superior.

Título de técnico superior

2º	Ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial
1º	

Título de técnico

2º	Ciclos formativos de grao medio de formación profesional inicial
1º	

Título Profesional básico

2º	Ciclos formativos de Formación Profesional básica
1º	

O consello orientador

LOMCE


- **Novidade:** o consello orientador, regulado no artigo 28.7 da LOE.
 - Entregaráselle ao final de cada curso de ESO aos pais, nais, titores... de cada alumno/a, e incluírá un informe sobre o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias, e unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, entre outros:
 - Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
 - Incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

O consello orientador

LOMCE

- Incorporará:
 - A proposta do equipo docente.
 - Informe motivado, que deberá conter a identificación do grao do logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
- Incluírse no expediente académico, xunto co documento de consentimento de pais, nais ou titores/as legais, para que curse estas ensinanzas.

Itinerarios LOMCE



Título de Bacharel desde a FP

LOMCE

- As persoas co título de **Técnico o de Técnico superior** poderán obter o título de Bacharel, superando a avaliación final de bacharelato:
 - Materias do bloque de materias troncais.

Acceso á universidade. Técnico superior

LOMCE. Real Decreto 412/2014

- Previa superación dun procedemento de admisión.
 - Principios de igualdade, non discriminación e mérito e capacidade, e utilizarán algúns dos seguintes criterios:
 - Cualificación final obtida nas ensinanzas cursadas, e/ou módulos ou materias concretas.
 - Relación entre os currículos das titulacións anteriores e os títulos universitarios solicitados.
 - Adscrición ás ramas de coñecemento establecidas no RD 1618/2011.
 - Formación académica ou profesional complementaria.
 - Estudo superiores cursados con anterioridade.
 - De forma excepcional, avaliacións específicas de coñecementos e/ou competencias.
 - **Calendario:** a partir do curso 2014-2015.
 - Ata o curso 2016-2017 as Universidades poderán utilizar como criterio de valoración, a proba de acceso á universidade.

Acceso á universidade. Bacharel LOMCE. Real Decreto 412/2014

- Exclusivamente polo criterio da cualificación final obtida no bacharelato ou ben fixando procedementos de admisión (pendente de regular).
 - Principios de igualdade, non discriminación e mérito e capacidade, e utilizarán algúns dos seguintes criterios:
 - Cualificacións obtidas en materias concretas de bacharelato ou da avaliación final da etapa.
 - Modalidade e materias cursadas en relación coa titulación universitaria elixida.
 - Formación académica ou profesional complementaria.
 - Estudo superiores cursados con anterioridade.

Acceso á universidade. Bacharel

LOMCE. Real Decreto 412/2014

- De forma excepcional, as universidades poderán establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou competencias.
 - Resultado final do procedemento de admisión:
 - Mínimo do 60 %, cualificación do bacharelato.
 - Máximo do 40%, cualificación da avaliación específica.
 - As universidades poderán acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión e o recoñecemento dos resultados das avaliacións realizadas.
 - **Calendario:** a partir do curso 2017-2018.

Calendario de implantación LOMCE

Ensinanzas	Curso	
	2014-2015	2015-2016
Educación primaria	1º, 3º e 5º cursos 3º curso: avaliación	2º, 4º e 6º cursos 6º curso: avaliación final
Educación secundaria		1º e 3º cursos
Bacharelato		1º curso
Formación profesional	1º de FP Básica	2º de FP Básica Materias voluntarias

Calendario de implantación LOMCE

Ensinanzas	Curso	
	2016-2017	2017-2018
Educación primaria		
Educación secundaria	2º e 4º cursos 4º curso: avaliación final, sen efectos académicos.	4º curso: avaliación final.
Bacharelato	2º curso. A avaliación final só contará na nota media da universidade	2º curso: avaliación final.
Formación profesional		

As modificacións nas condicións de acceso e admisión serán de aplicación no curso escolar 2016-2017

Títulos e estudos anteriores

LOMCE

- O **título de ESO** permitirá acceder a todas as ensinanzas postobrigatorias, sen o requisito de ter superada a avaliación final de ESO.
- O **alumnado de PCPI** que teña superados todos os módulos obrigatorios poderá acceder aos ciclos de grao medio ou obter o título de ESO tras superar a avaliación final de ESO.
- **BUP** (Bacharelato Unificado Polivalente) equipárase ao bacharelato actual.

Formación Profesional Básica

Desenvolvemento
normativo estatal

Normativa de desenvolvemento

FP básica

- **Real decreto 127/2014**, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP básica das ensinanzas de formación profesional, se aproban catorce títulos profesionais básicos e se fixan os seus currículos básicos (BOE do 5 de marzo).
- **Real decreto 356/2014**, do 16 de maio, polo que se establecen sete títulos de FP Básica (BOE do 29 de maio).

Finalidades. Real decreto 127/2014

FP básica

- **As propias da formación profesional.**
- **Facilitar a permanencia do alumnado** no sistema educativo.
- **Ofrecer ao alumnado maiores posibilidades** para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- **Alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida** para:
 - **Proseguir estudos** de ensinanza secundaria postobrigatoria.
 - **Facilitar a súa transición cara á vida activa.**

Títulos

FP básica

Familia profesional	Título
Administración e xestión	Servizos administrativos
Agraria	Agroxardinaría e composicións florais
	Actividades agropecuarias
	Aproveitamentos forestais
Artes gráficas	Artes gráficas
Comercio e márketing	Servizos comerciais
Edificación e obra civil	Reforma e mantemento de edificios
Electricidade e electrónica	Electricidade e electrónica
Fabricación mecánica	Fabricación e montaxe
Hostalaría e turismo	Cociña e restauración
	Aloxamento e lavandaría
Imaxe persoal	Peiteado e estética
Industrias alimentarias	Industrias alimentarias
Informática e comunicacións	Informática e comunicacións
	Informática de oficina

Títulos

FP básica

Familia profesional	Título
Instalación e mantemento	Fabricación e montaxe
Madeira, moble e cortiza	Carpintaría e moble
Marítimo-pesqueira	Actividades marítimo-pesqueiras
Téxtil, confección e pel	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel
	Tapizaría e cortinaxe
Transporte e mantemento de vehículos	Mantemento de vehículos
Vidro e cerámica	Vidraría e olaría

- En xeral, **os títulos inclúen dúas cualificacións** completas e parte de outra.
- **As familias sen título** ou non teñen cualificacións de nivel 1 ou só dispoñen dunha cualificación.
- **Pódense establecer outros títulos** para próximos cursos.

Comparativa

Títulos FP básica – perfís PCPI

Título profesional Básico Peiteado e estética		PCPI de Estética	PCPI de Peiteado
Cualificación	UC	UC	UC
IMP118_1	UC0343_1	X	
	UC0344_1	X	
	UC0345_1	X	
	UC0346_1	X	X
IMP022_1	UC0058_1		X
	UC0059_1		X
	UC0060_1		X
COM412_1	UC1329_1		

En xeral, un título de FP Básica inclúe as UC de dous perfís de PCPI.

Comparativa

Títulos FP básica – perfís PCPI

Título profesional Básico Servizos administrativos		PCPI de Servizos administrativos
Cualificación	UC	UC
ADG305_1	UC0969_1	X
	UC0970_1	X
	UC0971_1	X
ADG306_1	UC0973_1	X
	UC0974_1	X
COM412_1	UC1326_1	
	UC1329_1	

Nalgúns casos, un título de FP básica inclúe só as UC dun perfil de PCPI, porque este tiña dúas cualificacións.

Formación Profesional Básica

Desenvolvemento
normativo en Galicia

Normativa de desenvolvemento FP básica

- **DECRETO 107/2014**, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos (DOG do 15 de setembro).

Normativa de desenvolvemento

FP básica

- **Orde do 5 de agosto de 2014** pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014-2015 (DOG do 13 de agosto).
- **Orde do 14 de agosto de 2014** pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014-2015 (DOG do 26 de agosto).

Desenvolvemento normativo en Galicia

Decreto 107/2014

Decreto 107/2014

FP básica en Galicia

- **Regúlanse aspectos específicos da formación profesional básica** das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.
- **Establécense vinte e un currículos** de títulos profesionais básicos.
 - DOG do 15 de setembro de 2014.

Ordenación e duración

FP básica. Decreto 107/2014

- **Ordenación:**
 - En ciclos formativos e en módulos profesionais.
 - O perfil profesional, polo menos, incluírá unha cualificación completa.
- **Duración:**
 - 2.000 horas ou dous cursos. Na modalidade de FP dual, ata tres cursos.

Módulos

FP básica. Decreto 107/2014

- **Módulos asociados a unidades de competencia.**
- **Módulos asociados aos bloques comúns (a todos os perfís):**
 - **Módulo de Comunicación e sociedade I e II.**
 - Lingua galega, Lingua castelá, Lingua estranxeira (inglés) e Ciencias sociais.
 - **Módulo de Ciencias aplicadas I e II.**
 - Matemáticas e Ciencias aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.
- **Módulo de FCT.**

Módulos. Bloques comúns

FP básica. Decreto 107/2014

- **De oferta obrigatoria** en 1º e en 2º.
- **A lingua estranxeira** poderá ofrecerse nunha unidade formativa dentro do módulo.
- **Duración:** entre o 35 % e o 40 % da duración total do ciclo, incluíndo a titoría semanal. Para certos colectivos, o 22 %.

Formación en centros de trabajo

FP básica. Decreto 107/2014

- **Duración:** polo menos o **12 %** da duración do ciclo.
- **Ábrese a posibilidade** que se poida realizar en calquera momento en función das características do perfil e da dispoñibilidade de postos formativos nas empresas,
 - pero avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos asociados ás unidades de competencia.
- **Previamente,** o alumnado debe adquirir as competencias en materia de prevención de riscos profesionais.

Autonomía dos centros

FP básica. Decreto 107/2014

- **Os centros educativos, no exercicio da súa autonomía,** determinarán a distribución horaria semanal, cos límites:
 - **Duración dos módulos dos bloques comúns** mais a titoría semanal: entre o 35 % e o 40 % da duración total do ciclo.
 - **Duración da FCT:** o 12 % da duración total do ciclo.
 - **O centro poderá dispor de** ata un 10 % da carga anual (94,5 horas en primeiro e 105,5 horas en segundo).
 - **A duración de cada módulo** non se pode modificar máis dun 25 % e non pode ser inferior ao establecido nos reais decretos do título.

Distribución anual de horas

FP básica. Decreto 107/2014

Módulo	Primeiro curso	Segundo curso
Comunicación e sociedade	206	162
Ciencias aplicadas	175	135
Asociados a unidades de competencia	529	411
FCT		320
Tutoría	35	27
Total	945	1055

Ofertas

FP básica. Decreto 107/2014

- Ciclos formativos
 - De oferta obrigatoria
 - Para persoas que superen os 17 anos.
- Programas formativos

Ciclos formativos de oferta obrigatoria FP básica. Decreto 107/2014

Para o alumno que cumpra **simultaneamente**:

- **Ser maior de 15 e non superar os 17**, no momento do acceso ou durante o ano natural en curso (facer 15 ou 16 anos no ano de inicio de ciclo).
- **Ter cursado** o primeiro ciclo de ESO (3º de ESO) ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso de ESO.
- **Ser proposto/a polo equipo docente** ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
 - Requírese o **consentimento** do pai, a nai ou os/as titores/as legais.

Incorporación do alumnado

FP básica. Decreto 107/2014

- **O consello orientador** comezará a entregárselle:
 - Aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumno ou alumna e que, cumprindo os requisitos, sexa proposto/a polo equipo docente para cursar un ciclo de formación profesional básica.
 - Ao final do curso escolar 2013-2014.

Admisión. Criterios

FP básica. Decreto 107/2014

- Entre outros:
 - **De idade** da persoa solicitante.
 - **De situación** dos seus estudos.
 - **Posibilidades de continuación** no sistema educativo.

Ciclos formativos. Outras ofertas

FP básica. Decreto 107/2014

- **Oferta para persoas que superen os 17 anos** (artigo 68 da LOE e artigo 18 do Real decreto 127/2014).
 - **Simultaneamente:**
 - Superar os 17 anos.
 - Non estar en posesión de ningún título de:
 - Formación profesional (incluído un título básico).
 - Calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios.
 - **Cando exista dispoñibilidade** de prazas na oferta obrigatoria, os grupos poderanse completar con persoas que superen os 17 anos.

Programas formativos. Outras ofertas

FP básica. Decreto 107/2014

- **Finalidade:** dar continuidade no sistema educativo ao alumnado de necesidades educativas especiais e específicas:
- **Módulos profesionais:**
 - Incluídos nos títulos. Terán carácter acumulable para obter o título.
 - E outra formación adaptada ás necesidades do alumnado. Acreditarase mediante certificación académica.

Programas formativos. Outras ofertas

FP básica. Decreto 107/2014

- **Os programas formativos:**
 - Non son ciclos formativos, pero si formación profesional.
 - Non conducen a título, só a certificación.
 - Logo de superado o programa, o alumnado poderá continuar nun ciclo formativo, coa parte que lle queda por acreditar, e deste xeito obter o título.
- **A duración destes programas** será variable, segundo as necesidades dos colectivos a quen vaian destinados

Título profesional básico. Obtención FP básica. Decreto 107/2014

- **Superando un ciclo** de formación profesional básica.
- **As persoas maiores de 18 anos** que superen a proba para a obtención directa do título profesional básico á que se refire o artigo 69.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (non figura no RD 127/2014).
- **As persoas maiores de 22 anos** que teñan acreditadas todas as UC do título profesional básico, a través de:
 - Certificados de profesionalidade de nivel 1.
 - Ou polo procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais.

Título profesional básico. Efectos FP básica. Decreto 107/2014

- **Valor académico e profesional.**
- **Permitirá o acceso** aos ciclos formativos de grao medio.
 - O perfil de cada título indicará os ciclos de grao medio con preferencia de acceso.
- **Mesmos efectos laborais** que o título de ESO.
- **Capacitará para levar a cabo** funcións de nivel básico de prevención.

Título profesional básico. Efectos FP básica. Decreto 107/2014

- **A persoa que posúa o título** profesional básico poderá obter o título de graduado en ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola opción de ensinanzas aplicadas.
 - **Mediante a superación da proba** de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.
 - Soamente das materias do bloque de disciplinas troncais.

Título profesional básico. Efectos FP básica. Decreto 107/2014

- **Os alumnos e as alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título** profesional básico recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Curriculo. Contidos transversais

FP básica. Decreto 107/2014

- Traballo en equipo, prevención de riscos laborais, emprendemento, actividade empresarial, orientación laboral, ambiente, competencias relacionadas coa comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, a educación cívica e constitucional, e as competencias vinculadas ao deseño universal.
- **Deben ser avaliados.**

Atención a diversidade

FP básica. Decreto 107/2014

- **As medidas de atención á diversidade** estarán orientadas a:
 - Responder á diversidade do alumnado.
 - Conseguir os resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título.
 - Responder ao dereito a unha educación inclusiva.

Atención a diversidade

FP básica. Decreto 107/2014

- **Promoveranse medidas metodolóxicas de atención á diversidade que permitan:**
 - **Unha organización das ensinanzas** adecuada ás características dos alumnos e das alumnas.
 - **Especial atención á adquisición das competencias lingüísticas** contidas nos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II para o alumnado que presente dificultade na súa expresión oral, sen que as medidas adoptadas supoñan unha minoración da avaliación das súas aprendizaxes.
 - **Flexibilización modular.**

Oferta obrigatoria. Validacións.

FP básica. Decreto 107/2014

- **Comunicación e sociedade I e II, e Ciencias aplicadas I e II** entre calquera título profesional básico.
- **Alumnado de PCPI** que teña superado os módulos obrigatorios:
 - Ámbito de comunicación e do ámbito social + Lingua estranxeira, terá validado o módulo Comunicación e sociedade I.
 - Ámbito científico-tecnolóxico, terá validado Ciencias aplicadas I.

Validacións.

Oferta persoas superen os 17 anos

- Os módulos **Comunicación e sociedade I e II**:
 - Para quen teña superadas as materias de 4º de ESO incluídas no bloque de comunicación e ciencias sociais.
- Os módulos profesionais de **Ciencias Aplicadas I e II**, para quen teña superadas:
 - **Matemáticas** orientadas ás ensinanzas académicas, e **Bioloxía e xeoloxía** ou **Física e química**, da modalidade de ensinanzas académicas de 4º da ESO.
 - **Matemáticas** orientadas ás ensinanzas aplicadas e Ciencias aplicadas á actividade profesional da modalidade de ensinanza aplicada de 4º de ESO.

Profesorado. Bloques comúns

FP básica. Decreto 107/2014

- **Centros públicos:** algunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir calquera das materias incluídas no bloque común.
- **Centros privados** ou doutras administracións distintas das educativas: persoas coa titulación e os requisitos establecidos na normativa vixente para a impartición dalgunha das materias incluídas no bloque común correspondente.

Materias dos bloques comúns

FP básica. Decreto 107/2014

- Módulo de Comunicación e sociedade I e II.
 - Lingua galega.
 - Lingua castelá.
 - Lingua estranxeira (inglés).
 - Ciencias sociais.
- Módulo de Ciencias aplicadas I e II.
 - Matemáticas.
 - Ciencias aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.

Profesorado. Módulos profesionales

FP básica. Decreto 107/2014

- En cada título regúlase:
 - **As especialidades** do profesorado do sector público.
 - **As titulacións requiridas** para a impartición dos módulos profesionales nos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas.
 - **Os módulos que poden ser impartidos** por profesorado especialista.

Profesorado. Todos os módulos

FP básica. Decreto 107/2014

- **Cando non exista dispoñibilidade de profesorado**
 - **da especialidade** nos centros da consellería, ou **coa titulación** requirida nos centros privados ou doutras administracións.
- **Poderá impartir** os módulos profesionais o profesorado que estea en posesión de:
 - **Titulación que abranga os resultados de aprendizaxe** dos módulos profesionais.
 - Outra **titulación que acredite unha experiencia profesional ou de docencia** de polo menos tres anos vinculada aos módulos correspondentes.
 - Nos módulos de bloques comúns, a experiencia profesional entenderase de docencia en calquera das materias do módulo.

Profesorado. Nivel B2 do MCE.

FP básica. Decreto 107/2014

- **O profesorado deberá acreditar**, polo menos, o **nivel B2 da lingua correspondente** do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas cando se imparta:
 - **Por unha especialidade diferente** á que é propia da Lingua estranxeira o módulo profesional de Comunicación e sociedade I ou II.
 - **A modalidade bilingüe** de ciclos.

Profesorado de PCPI

FP básica. Decreto 107/2014

- **O profesorado de educación primaria** que viñera impartindo módulos de carácter xeral pode seguir impartindo os módulos de Comunicación e sociedade I e de Ciencias aplicadas I:
 - **Se se ten praza asignada**, ata o seu cesamento.
 - **Se non se ten praza asignada**, durante catro cursos consecutivos.
 - **En centros privados** con contrato en vigor no curso 2013-2014, ata que se extinga o contrato.

Implantación. Calendario de FP básica. Decreto 107/2014

- **O primeiro curso** dos ciclos de FP básica implantarase no curso escolar 2014-2015, no que se suprimirá a oferta de primeiro curso dos PCPI.
- **O segundo curso** dos ciclos de FP básica implantarase no curso escolar 2015-2016, no que se suprimirá a oferta de segundo curso dos PCPI.

Implantación. Alumnado de PCPI FP básica. Decreto 107/2014

- **Quen superase 1º** de PCPI no curso 2013-2014, poderá cursar 2º de PCPI no curso 2014-2105, nas mesmas condicións que ata o momento.
Así, superando os módulos:
 - Obrigatorios, acceso directo a ciclos de grao medio.
 - Voluntarios, título de graduado en ESO.
- **Quen non superase 1º** de PCPI no curso 2013-2014, incorporarase á FP básica.
- **Réxime integrado**, tamén será de aplicación.

FP básica. Modalidade de FP dual

Decreto 107/2014

- **Poderán ser obxecto de FP dual.**
 - Os módulos asociados a UC e a FCT.
 - **Ata o momento en que se desenvolva** a FP dual do sistema educativo establecida no artigo 42.bis da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio:
 - Realizárase de acordo co establecido para o sistema educativo, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe, no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.
 - O tempo de permanencia do alumnado nos centros de traballo será en **xeral** do 25 % da duración total do ciclo formativo, sen que en ningún caso a devandita duración sexa inferior ao 15 %.

Gratuidade. Transporte escolar

FP básica. Decreto 107/2014

- **Disposición adicional segunda.** Axudas individualizadas de transporte escolar.
 - O alumnado utilizará as rutas de transporte escolar ou regular actualmente existentes, ata o límite das prazas existentes en cada caso e, de non haber capacidade suficiente nos vehículos contratados ou non haber correspondencia cos itinerarios establecidos, poderá percibir axudas individualizadas de transporte escolar.

Desenvolvemento normativo en Galicia

Orde do 5 de agosto de 2014.

Implantación das ensinanzas. Curso 2014-2015

Obxecto

FP básica. Orde do 5 de agosto

- Regular aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica **no curso académico 2014/2015.**
 - Será de aplicación nos centros docentes **públicos e privados.**

Oferta obrigatoria. Destinatarios

FP básica. Orde do 5 de agosto

- Alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas.
- Que o grao de adquisición das competencias:
 - Non sexa o adecuado para obter o título de ESO.
 - Sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.


ESO e PCPI

LOE



ESO e PCPI

LOE



Distribución semanal

FP básica. Orde do 5 de agosto

Módulos	Primeiro curso		Segundo curso	
	Horas	Períodos lectivos	Horas	Períodos lectivos
Comunicación e sociedade	6	7	5	6
Ciencias aplicadas	5	6	6	7
Asociados a unidades de competencia	15	18	15	18
FCT				
Titoría	1	1	1	1
Total	27	32	27	32

Distribución horaria

FP básica. Orde do 5 de agosto

	Día 1	Día 2	Día 3	Día 4	Día 5
	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC
	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC
	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC	Mod. UC	Mod. UC
	Mod. BC	Mod. UC	Mod. BC	Mod. BC	Mod. UC
	Mod. UC	Mod. UC	Mod. UC	Mod. BC	Mod. UC
	Mod. UC	Titoría	Mod. UC	Mod. BC	Mod. UC
	Mod. UC				
	Mod. UC				
Total (32)	8	6	6	6	6

Organización en dous centros

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Centro de referencia:** centro no que se imparten os módulos asociados a unidades de competencia.
 - **A ensinanza** estará asociada a este centro.
 - O alumnado pertencerá para os efectos académicos e administrativos a este centro.
- **Centro asociado:** centro no que se imparten o resto dos módulos.
 - As direccións dos centros establecerán, baixo a supervisión da inspección educativa, a planificación das ensinanzas e a coordinación do equipo docente do grupo.

Dous centros educativos

Organización das ensinanzas

Centro 1	
Día 1	Día 2
Mod. B.C.	Mod. B.C.
Mod. B.C.	Mod. B.C.
Mod. B.C.	Mod. B.C.
Mod. B.C.	Mod. B.C.
Mod. B.C.	Mod. B.C.
Mod. B.C.	Titoría
Mod. B.C.	
Mod. B.C.	
8 sesións	6 sesións

Centro 2		
Día 3	Día 4	Día 5
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
Mod. U.C.	Mod. U.C.	Mod. U.C.
6 sesións	6 sesións	6 sesións

Titoría

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **A titoría e a orientación educativa e profesional** terán unha especial consideración na organización do ciclo formativo.
- Cada grupo de formación profesional básica contará cunha titoría de polo menos **unha hora lectiva semanal en cada curso.**

Titoría

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Titor ou titora:** será designado/a pola persoa titular da dirección do centro entre o profesorado que imparta docencia no grupo.
 - Encargarase da orientación académica e profesional do alumnado.
 - Realizará as funcións establecidas no artigo 59.1 do Decreto 324/1996.

Titoría

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Contará con especial** colaboración e asesoramento dos departamentos de Orientación ou de Información e Orientación Profesional dos CIFP.
 - Deberase contar coa participación do/da orientador/a dentro da aula naquelas actividades que así veñan determinadas no plan de acción titorial.
- **A dirección do centro** poderá propor a participación doutro profesorado na acción titorial.

Titoría

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Se nos departamentos** de Orientación está algún profesor ou algunha profesora de FOL, desenvolverán as funcións recollidas no artigo 22 da Orde do 12 de xullo de 2011.
- **Especialmente no relativo a:**
 - Marco legal de traballo e das relacións laborais.
 - Procedementos de inserción profesional.
 - Recursos profesionais e laborais existentes.

Plan de acción tutorial. Actividades FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Técnicas** de estudo e organización do traballo.
- **Resolución** de conflitos.
- **Fomento** da responsabilidade individual e a autoestima.
- **Habilidades** comunicativas.
- **Traballo** en grupo.
- **Destrezas** que permitan programar e xestionar o futuro educativo e profesional.
- **Información** e orientación que lle garantan ao alumnado unha adecuada toma de decisións sobre o seu itinerario educativo e profesional.

Seguridade e saúde laboral

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Unidade formativa:** inclúe os resultados de aprendizaxe e os contidos relativos aos riscos específicos e ás medidas de prevención das actividades profesionais. Anexo IV.
 - **Impartida:** con anterioridade ao comezo do módulo de FCT.
 - A dirección do centro, en función da dispoñibilidade de recursos, determinará en que módulo profesional se imparte esta unidade formativa.
 - Certificable pero non avaliable.

Matrícula

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Matrícula.** Realizarase para cada un dos cursos en que se organicen as ensinanzas que conforman o ciclo formativo.
- **Traslados de matrícula.** Rexeranse polo capítulo V da Orde do 12 de xullo de 2011.

Avaliación

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Procedemento e documentación:** en xeral, segundo o establecido nos capítulos VIII, IX e X da Orde do 12 de xullo de 2011:
 - Avaliación por módulos.
 - Cualificación: numérica, excepto a FCT (apto/a ou non apto/a).
 - Avaliación inicial.
 - Avaliacións parciais e final de curso.
 - Documentos do proceso de avaliación.

Avaliación

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **En particular:**
 - Terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas.
 - Estará adaptada ás necesidades e á evolución do alumnado, nomeadamente do que estea en situación de discapacidade.
 - Incluíranse medidas de accesibilidade que garantan unha participación non discriminatoria nas probas de avaliación.

Avaliación

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Perda do dereito á avaliación continua** nun determinado módulo regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica.

Avaliación

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Tempo máximo de permanencia:** catro cursos escolares.
- **Convocatorias:** dúas anuais; oito en total.
 - Excepto a FCT: dúas convocatorias en total.
- **Repetición:** unha vez cada curso do ciclo.
Excepcionalmente, dúas veces nun dos cursos, despois do informe favorable do equipo docente.

Promoción entre cursos

FP básica. Decreto 107/2014

- **Promoción a segundo curso:** cando os módulos profesionais **asociados a unidades de competencia** pendentes no superen o 20 % do horario semanal.
 - O alumnado deberá matricularse dos módulos de primeiro.
 - O centro deberá organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos pendentes.

Certificación da formación

FP básica. Orde do 5 de agosto

- Con carácter xeral, estarase ao establecido no capítulo XII da Orde do 12 de xullo de 2011.
 - Certificados académicos.
 - Rexistros nas actas de avaliación.

Reclamación as cualificacións

FP básica. Orde do 5 de agosto

- Regularase segundo o establecido no capítulo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011, con base no seguinte:
 - Non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe, os obxectivos, os criterios de avaliación e o nivel recollidos na programación.
 - Os procedementos e os instrumentos de avaliación non foron aplicados segundo a programación.
 - A aplicación dos criterios de avaliación, establecidos na programación, non foi correcta.

Programacións

FP básica. Orde do 5 de agosto

- Os centros educativos desenvolverán o currículo dos ciclos da formación profesional básica mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo, segundo o artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Alumnado con NEE

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Escolarización:** o alumnado con NEE incorporarase, con carácter xeral, co resto do alumnado
- **Flexibilización modular:**
 - Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
 - Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.
 - Mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico.

Programas formativos. Ordenación.

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **O establecido para a FP Básica:**
 - Currículos dos módulos.
 - Matrícula, avaliación, certificación e acreditación das cualificacións, validacións e exencións.
 - Programacións.
 - Flexibilización modular.
- **Adaptacións curriculares para atender as necesidades do alumnado:** só nos módulos de Comunicación e sociedade I e de Ciencias aplicadas I.

Programas formativos. Curso 2014-15

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Dirixidos a:** alumnado de NEE, escolarizado en centros de educación especial.
- **Duración:** un curso académico.
- **Módulos:**
 - Comunicación e sociedade I, e Ciencias aplicadas I.
 - Módulos profesionais asociados a unidades de competencia (proprios de cada programa).
 - Outros módulos. Por solicitude do centro (antes do 15 de setembro).
 - FCT (160 horas).

Relación de programas formativos FP básica. Orde do 5 de agosto

Familia profesional	Título
Agraria	Producións agrícolas
	Xardinaría e viveirismo
Artes gráficas	Reprografía
Hostalaría e turismo	Lavandaría
	Servizos de restauración
Imaxe persoal	Peiteado
Madeira, moble e cortiza	Carpintaría
Téxtil, confección e pel	Costura
Vidro e cerámica	Cerámica

Programas formativos. Curso 2014-15

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **Módulos profesionais:** cada perfil inclúe algúns módulos de ciclos de FP Básica.
 - Dan lugar, como mínimo, a unha cualificación profesional e, xa que logo, a un certificado de profesionalidade.

Comparativa

Ciclos FP básica. Programas formativos

Título profesional Básico Peiteado e estética			Programa formativo Peiteado
Cualificación/Certificado	U.C.	Módulos	Módulos
Servizos auxiliares de estética.	UC0346_1	MP3063	
	UC0344_1	MP3061	MP3061
	UC0345_1	MP3062	
	UC0343_1	MP3060	
Servizos auxiliares de peiteado.	UC0058_1		MP3060
	UC0059_1	MP3064	MP3064
	UC0060_1	MP3065	MP3065
Actividades auxiliares de comercio.	UC1329_1	MP3005	

Programas formativos. Ordenación.

FP básica. Orde do 5 de agosto

- **O establecido para a FP básica:**
 - Currículos dos módulos.
 - Matrícula, avaliación, certificación e acreditación das cualificacións, validacións e exencións.
 - Programacións.
 - Flexibilización modular.
- **Adaptacións curriculares para atender as necesidades do alumnado:** só nos módulos de Comunicación e sociedade I e de Ciencias aplicadas I.

Desenvolvemento normativo en Galicia

Orde do 14 de agosto de 2014.

Acceso, admisión e oferta. Curso 2014-2015

Incorporación do alumando

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **O consello orientador**, regulado no artigo 28.7 da LOE.
 - Entregaráselles ao final de cada curso de ESO aos pais, ás nais, aos/ás titores/as... de cada alumno, e incluírá un informe sobre o **logro dos obxectivos e a adquisición das competencias** e unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, entre outros:
 - Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
 - **Incorporación a un ciclo de formación profesional básica.**

Incorporación á oferta obrigatoria FP Básica. Orde do 14 de agosto

- **O equipo docente do alumnado (2º ESO, 3º ESO e 4º de ESO?)** xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación,
 - **Analizarán a situación escolar do alumnado**, nomeadamente do que non estea en situación de rematar a ESO e que o grao de adquisición de competencias sexa o adecuado para cursar FP Básica.
 - **Establecerán a relación do alumnado** susceptible de se incorporar á FP Básica.
 - Será asinada por todo o equipo docente e o/a xefe/a do departamento de orientación.

Consello orientador

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **Por cada alumno**, o/a titor/a coa axuda do/da xefe/a do departamento e do/da orientador/a, elaborará o consello orientador, no que constará:
 - **Grao do logro dos obxectivos** e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
 - **Dificultades de aprendizaxe** presentadas.
 - **Medidas de atención á diversidade** aplicadas, de ser o caso.
 - **Motivos razoados** da proposta.
 - Será asinado polo/a titor/a, en nome do equipo docente, o/a xefe/a e a persoa encargada da dirección do centro.

Comunicación aos pais

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **A dirección dos centros** comunicarase cos pais, coas nais ou cos/coas titores/as legais do alumnado que foi proposto para realizar un ciclo formativo de FP básica, e entregaralles:
 - O consello orientador.
 - O documento no que, de ser o caso, as familias darán o consentimento de incorporación ás ensinanzas.
- **Os departamentos de orientación** colaborarán para informar das características e das finalidades da FP básica.

Consentimento dos pais

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **Documento de consentimento.** No prazo establecido será entregado na secretaría do centro debidamente cuberto e asinado.
 - **A dirección dos centros** entregaralles aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais o documento de comunicación de incorporación á FP básica para entregar no centro onde soliciten praza.
 - De non o facer neste prazo entenderase que non dan o consentimento.
- **No expediente académico,** incluíranse o informe asesor e o documento de consentimento.

Admisión. Solicitud

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **Solicitud de admisión e matrícula:**
 - Única, no centro en que pretenda ser admitido/a.
 - Asinada polo/a solicitante e por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representante legal.
- **Documentación:**
 - DNI.
 - Comunicación de incorporación á FP básica.
 - Certificado de discapacidade, se participa no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade.

Admisión. Postos escolares

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **20** postos escolares para cada ciclo.
 - Excepcionalmente, poderase modificar este límite, considerando as posibilidades organizativas do centro.
- **Reserva para persoas con discapacidade: 10 %.**
- **Alumnado con NEE:** contabiliza como se ocupase dous postos.

Admisión. Procedemento

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas**, asignaranse conforme os seguintes criterios de prioridade, alumnado que teña cursado:
 - 2º de ESO.
 - 3º de ESO.
 - 4º de ESO.
- Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.
- En caso de empate, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza.
- De manterse o empate, sorteo. Mesmo procedemento que en primaria ou na ESO.

Admisión. Alumnado sen praza FP básica. Orde do 14 de agosto

- **A comisión de escolarización**, tendo en conta os postos escolares non cubertos noutros ciclos, procederá a asignarlle praza ao alumnado que fose proposto para a oferta obrigatoria e que non fose admitido no ciclo solicitado.

Constitución de grupos

FP básica. Orde do 14 de agosto

- **Número mínimo de solicitudes:**
 - Doce nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.
 - Oito no resto de Galicia.
 - Contabilizárase o alumnado de 15, 16 e 17 anos.
- Logo de constituído o grupo, poderanse incorporar as persoas que:
 - Fagan 18, 19 ou 20 anos.
 - Non estean en posesión dun título de FP nin calquera outro que acredite a finalización de estudos secundarios.

Oferta

FP básica. Orde do 14 de agosto

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Grupos	Prazas	Grupos	Prazas	Grupos	Prazas	Grupos	Prazas
Ciclos	80	1.604	26	520	26	520	63	1.260
Programas	8	64	4	32	1	8	5	40
Total	88	1.668	30	552	27	528	68	1.300

- Grupos : 213
- Prazas: 4.048
 - Datos provisionais.

Grazas pola súa atención

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

www.edu.xunta.es/fp



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA

